

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

**Acta da sesión ORDINARIA
celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 31 de XANEIRO de 2012**

Orde do día dos asuntos que se van tratar na sesión PLENARIA ORDINARIA que terá lugar o venres, 31 de xaneiro de 2012, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

1.-Aprobar a acta da sesión anterior, nº 14/11, do 16 de decembro.

2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 21.101 á nº 24.746, de 2011.

Comisión de Cultura, Educación, Deporte e Mocidade

3.-Convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia correspondente á subvención nominativa destinada a financiar o Programa de actividades durante o ano 2011.

4.-Modificación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os cursos de verán de 2011.

Comisión de Persoal e Réxime Interior

5.-Iniciación do expediente para concederlles, a título póstumo, aos deputados constituíntes da Constitución de 1812 a distinción de deputado honorario.

Comisión de Infraestruturas viarias: vías e obras provinciais

6.-Aprobación do Plan de conservación de vías provinciais 2012, 1ª fase, que integra os grupos seguintes: grupos 1A, 1B, grupos do 2 ao 28 e Grupos 35 e 36.

7.-Ratificación da solicitude á Xunta de Galicia da declaración da urxente ocupación dos bens e dereitos incluídos no expediente expropiatorio para a execución das obras de construción da glorieta no cruce do Vilar na DP 7305 Ribeira (1111100005.0).

Comisión de Cooperación e Asistencia aos Concellos

8.-Aprobación do proxecto reformado da obra “Acondicionamento de rúas en Reboredo (Parroquia de Esteiro)”, do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2010, co código: 10.2100.0135.0.

Comisión de Economía, Facenda e Especial de Contas

9.-Informe sobre o obxectivo de estabilidade orzamentaria na unidade institucional da Deputación Provincial da Coruña: Orzamentos 2012.

10.-Informe correspondente ao cuarto trimestre de 2011 do cumprimento pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) do artigo catro da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS: Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre o Teatro Colón

ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESIÓN ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL EN PLENO DO 31 DE XANEIRO DE 2012

No salón de sesións do pazo provincial da Coruña, o día 31 de xaneiro de 2012, reuniuse a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión **ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.:

DON DIEGO CALVO POUSO PP

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTE:

DON SANTIAGO VICENTE AMOR BARREIRO	PP
DON JOSÉ CARLOS CALVELO MARTÍNEZ	PP
DON ANTONIO CAÑÁS VARELA	PP
DONA MARÍA DOLORES FARALDO BOTANA	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSÉ SANTIAGO FREIRE ABEIJÓN	PP
DONA MARÍA BEGOÑA FREIRE VÁZQUEZ	PP
DONA MARÍA MONTSERRAT GARCÍA CHAVARRÍA	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN HERVADA ECHEVARRÍA	PP
DON MARIANO IGLESIAS CASTRO	PSOE
DON JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO	PSOE
DON ANTONIO LEIRA PIÑEIRO	PSOE
DON CÉSAR LONGO QUEIJO	PSOE
DON ANTONIO NEGREIRA NOYA	BNG
DONA MARÍA PADÍN FERNÁNDEZ	PP
DON ANTONIO PEREIRO LIÑARES	PP
DON XOSÉ LOIS PIÑEIRO GARCÍA	BNG
DON XOSÉ REGUEIRA VARELA	BNG
DON MANUEL RIVAS CARIDAD	PP
DONA ZAIRA RODRÍGUEZ PÉREZ	PP
DONA MATILDE BEGOÑA RODRÍGUEZ RUMBO	PSOE
DON MANUEL SANTOS RUIZ RIVAS	PP
DON MIGUEL DE SANTIAGO BOULLÓN	PP
DONA SILVIA SEIXAS NAIA	BNG
DON XESÚS MANUEL SOTO VIVERO	BNG
DON MANUEL TABOADA VIGO	PP
DONA AMANCIA TRILLO LAGO	PSOE
DONA MARÍA DEL CARMEN VARELA CORBELLE	PSOE

DON JOSÉ ALBINO VÁZQUEZ ALDREY
DON PERFECTO VÁZQUEZ LEMA

PP
PP

Actúa como secretario, don José Luis Almau Supervía, secretario xeral da Corporación, e está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás doce horas e dez minutos, o Sr. secretario le os asuntos incluídos na orde do día, en relación aos cales, por unanimidade, excepto nos casos en que se indique, adoptáronse os seguintes acordos:

Sr. Presidente

Bos días, empezamos a sesión do día de hoxe. Se mo permiten, e creo que todos coincidimos en que hoxe é obrigado facer un pequeno salto na orde do día, antes de comezar este Pleno, e co apoio de todos os grupos, lembrando os tráxicos sucesos que o pasado venres obrigaron a atrasar esta sesión plenaria. Xa hai, como todos vostedes saben un policía nacional morto, quedan tres desaparecidos, outros dous axentes e un mozo que se meteu no mar de madrugada e que foi incapaz de saír polos seus propios medios, e o primeiro que queremos transmitir son as condolencias en nome de toda a Deputación aos seus familiares, en nome de todos os deputados, de todos os traballadores desta casa, pór a disposición loxicamente a Deputación en todo aquilo no que poidamos ser de utilidade, tanto aos pais do falecido como das familias dos tres que aínda permanecen desaparecidos. Tamén é importante apoiar desde aquí nun momento difícil aos compañeiros dos policías que arriscaron a súa vida para salvar a un mozo, e é de xustiza destacar o valor duns axentes, neste caso policías nacionais, que unha vez máis demostraron que todos os días, non só o pasado venres, realizan un traballo impagable. Por eles, en nome de todos quero aos que arriscan as súas vidas por nós a diario, que chegan aos seus traballos sabendo que cada día pode ser o último, gardemos un minuto de silencio, porque sempre hai un axente de policía disposto a protexernos en todo tempo e lugar.

(Gárdase un minuto de silencio).

Sr. Presidente

Tamén, de maneira excepcional gustaríame, antes de empezar polo primeiro punto da orde do día, ratificar o carácter ordinario desta sesión, que se viu interrompida, ou que non puido celebrarse o pasado venres, e trasladámola a este martes.

Por unanimidade, ratifícase o carácter ordinario da sesión plenaria.

1.-APROBAR A ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 14/11, DO 16 DE DECEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior, nº 14/11, do 16 de decembro.

2.-TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 21.101 Á Nº 24.746, DE 2011.

A Corporación toma coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, da nº 21.101 á nº 24.746, de 2011.

3.-CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O AUDITORIO DE GALICIA CORRESPONDENTE Á SUBVENCIÓN NOMINATIVA DESTINADA A FINANCIAR O PROGRAMA DE ACTIVIDADES DURANTE O ANO 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1.- Aprobar o convenio co Auditorio de Galicia correspondente á subvención nominativa, por importe de 300.000 €, concedida para financiar o Programa de actividades durante o ano 2011, cun orzamento subvencionado de 375.000 €, de acordo co texto que se transcribe ao final deste acordo.

2.- Condicionar o presente acordo á incorporación do correspondente crédito ao Orzamento do ano 2012.

“Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia para financiar o *Programa de actividades durante o ano 2011*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, presidente da Deputación Provincial da Coruña,

D. Ángel Currás Fernández, presidente do Consello Reitor do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia

Os comparecentes intervén no uso das facultades que, en razón dos seus cargos, lles están atribuídas e

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecentos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, do 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo disposto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, encomendoulle ao Auditorio de Galicia a actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- O obxecto deste organismo é a elaboración, deseño e execución dos programas de actividades culturais de maior magnitude no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- A Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins establecidos na normativa vixente.

4.- O Auditorio de Galicia desenvolve ao longo do ano unha programación de concertos, actividades didácticas e exposicións, cunha difusión moi superior á do termo municipal de Santiago.

5.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración, a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan subscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia para financiar o ***Programa de actividades durante o ano 2011***, co seguinte contido:

* Música clásica: programación de abono, coa Real Filharmonía, a Orquestra Sinfónica de Galicia, a Orquestra Sinfónica do Principado de Asturias e o Ciclo de piano “Ángel Brage”.

* Concertos didácticos: inclúe a ópera *A Cincenta*, o trío de música galega *Son+D2* e o conto musical *A viaxe de Mido*.

* Ciclo Sons da diversidade, coa seguinte programación: *Handmade*, de Hindi Zahra, *Mírame*, de Eleftheria Arvanitaki e *Música callada, la vida rima*, de Ana Belén e Rosa Torres-Pardo.

* XII Ciclo de Lied, cos recitais de: Mark Padmore, Thomas Bauer e Sandra Piau, acompañados ao piano por Roger Vignoles.

* Todo lírica: Festival de Zarzuela de Santiago en colaboración coa Asociación Galega da Lírica.

* Exposicións: *Korda. Coñecido, Descoñecido, Casus belli. Refutación do contexto, Cartografías silenciadas* e VII Premio Auditorio da Galicia para novos artistas.

* Zona “C”: *Give me your picture*, de Carolina Caluori, *Un acto heróico*, de David Rubín, *Fashion victim*, de Iván Prieto e *Cal e canto*, do Colectivo Batbirulau.

* V Semana Internacional do Ilusionismo en Compostela.

II.- Orzamento de gastos da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte co seguinte orzamento:

* <i>MÚSICA</i>	215.000.-
Programa de música clásica	
Programa abono Real Filharmonía	15.000.-
Ciclo piano Ángel Brage, Aldo Ciccolini	22.000.-
Orquestra Nacional de Porto	6.000.-
Orquestra Sinfónica de Galicia	10.000.-
Concertos didácticos	7.000.-
Ópera “A Cincenta”	
Son+D2	
A viaxe de Mido	
Ciclo sons da diversidade	105.000.-
Hindi Zahra	
Eleftheria Arvanitaki	
Ana Belén-Rosa Torres Pardo	
Ciclo de lied	30.000.-
Todo lírica	20.000.-
* <i>EXPOSICIÓN</i>	120.000.-
Auditorio de Galicia	
Korda	26.000.-
Casus Belli	15.000.-
Ana T.Ortega, Cartografías Silenciadas	11.000.-
Zona “C”	38.000.-
VII Premio Novos Artistas	30.000.-
* <i>SEMANA INTERNACIONAL DE MAXIA</i>	40.000.-

Total gastos 375.000 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 300.000 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/335A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito de abondo sobre a que se contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscripta polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2011.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Auditorio de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades dispostas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Auditorio de Galicia na documentación subministrada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Auditorio de Galicia terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na realización da actividade implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención Xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2012 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

4.-MODIFICACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E A UNIVERSIDADE INTERNACIONAL MENÉNDEZ PELAYO PARA FINANCIAR OS CURSOS DE VERÁN DE 2011.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o convenio coa Universidade Internacional Menéndez Pelayo correspondente á subvención nominativa, por importe de 105.212 €, concedida para financiar os “Cursos de verán de 2011”, cun orzamento subvencionado de 131.515 €,de conformidade co texto que se transcribe ao final deste acordo.

Este convenio modifica ao aprobado por acordo plenario do 16 de setembro de 2011, nos seguintes aspectos:

- * Modifícase o obxecto do convenio, xa que varía o programa dos cursos.
- * Modifícase o orzamento da actividade que pasa de 177.500 € a 131.515 €.
- * Modifícase o importe da subvención, que pasa de 120.200 € a 105.212 €.
- * Modifícase a porcentaxe de financiamento, que pasa de 67,72 % a 80%.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os *Cursos de Verán do 2011*.

A Coruña,

REUNIDOS

D. Diego Calvo Pouso, Presidente da Deputación da Coruña, actuando en virtude da facultades representativas que lle atribúe o art. 34. 1b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local.

D. **Salvador Ordóñez Delgado**, reitor magnífico da Universidade Internacional Menéndez Pelayo, no seu nome e representación

EXPOÑEN

Que, segundo o disposto no convenio de cooperación suscrito o 10 de xullo de 1982, a Deputación da Coruña vén colaborando económica e institucionalmente coas actividades docentes e culturais que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo desenvolve cada ano na Coruña.

Que, como parte da súa política de fomento en materia de educación e, de acordo co disposto no art. 118.d) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, o Pleno da Deputación, aprobou incluír no Orzamento do ano 2011 unha subvención nominativa para o financiamento dos cursos na sede da Coruña.

Para tal efecto e dado o interese coincidente de ambas as dúas partes, a Deputación Provincial da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo acordan subscribir o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e a Universidade Internacional Menéndez Pelayo para financiar os **Cursos de Verán do 2011** de acordo co seguinte programa:

Mujeres en la historia: Identidad en clave de género.

Josefina Méndez

A Coruña, do 5 ao 7 de xullo

F de falso. La veracidad del engaño.

Alberto Ruiz de Samaniego

A Coruña, do 5 ao 8 de xullo

El problema del mal en perspectiva teológica o filosófica.

Andrés Torres Queiruga

A Coruña, do 11 ao 13 de xullo

Cien años de Cunqueiro

Carlos G. Reigosa

*A Coruña, do 13 ao 15 de xullo***Régime jurídico de la responsabilidad sanitaria.**

Domingo Bello Janeiro

*A Coruña, do 18 ao 20 de xullo***Aproximación a la cata de vinos gallegos.**

Luis Padín

*A Coruña, do 27 ao 29 de xullo***Los cetáceos. Biología, conservación y amenazas**

Alfredo López Fernández e Juan Ignacio Díaz D'a Silva

*Ortigueira, do 31 de agosto ao 2 de setembro***Curso magistral: Una visión europea sobre la oleada de cambios en el mundo árabe, entre la estabilidad y la democracia.**

Jesús A. Núñez Villaverde

*Santiago de Compostela, do 12 ao 14 de setembro***Nuevas tecnologías aplicadas al turismo.**

Francisco Candela Castrillo

*Ferrol, do 14 ao 16 de setembro***La gestión de los recursos ambientales en Galicia: experiencias, retos y perspectivas.**

Luis Lamas Novo

*Santiago de Compostela, do 28 ao 30 de setembro***La defensa de la competencia como instrumento de modernización en las estructuras económicas.**

Francisco Hernández Rodríguez

Santiago de Compostela, do 5 ao 7 de outubro

II.- Orzamento da actividade que ha realizar a entidade beneficiaria

As actividades realizáronse de acordo co seguinte orzamento:

<u>Gastos:</u>	
Honorarios de profesores	42.700.-
Aloxamento e manutención	12.400.-
Viaxes de profesores	18.845.-
Publicidade e difusión	10.380.-
Reprografía e material	2.220.-
Comunicación	1.710.-
Gabinete de prensa	10.620.-
Outros gastos	6.910.-
Limpeza	4.500.-
Persoal actividades	21.230.-
<i>Total gastos</i>	<i>131.515.-</i>
<u>Ingresos:</u>	
Concello da Coruña	10.000.-
SOGAMA	6.500.-

Concello de Ortigueira	3.000.-
Fundación Juana de Vega	2.000.-
EGAP	6.000.-
Ingresos previstos por matrículas	10.645.-
<i>Total ingresos</i>	<i>39.145.-</i>

III.- Financiamento provincial provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 105.212 €, o que representa unha porcentaxe do 80 %.

No caso de que o gasto xustificado non acade o importe total establecido na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento establecido na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non se cumpriu e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0601/326A/481, na que a Intervención provincial certificou que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizou a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Universidade Internacional Menéndez Pelayo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Universidade Internacional Menéndez Pelayo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera os 12.000 euros, con carácter previo á contratación, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Universidade Internacional Menéndez Pelayo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial

A achega da Deputación seralle aboada á Universidade Internacional Menéndez Pelayo unha vez que se presente a seguinte documentación:

* Memoria de actuación, subscrita pola persoa responsable da sede da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto; no caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o establecido na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Prazo de xustificación

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, deberán estar rematadas polo menos tres meses antes do vencemento do período de vixencia do presente convenio establecido na cláusula décimo terceira.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta no prazo máximo dun mes contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, dous meses antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula décimo terceira.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se recibise ningunha xustificación, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á Universidade Internacional Menéndez Pelayo para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades establecidas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Universidade Internacional Menéndez Pelayo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do Orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Universidade Internacional Menéndez Pelayo na documentación subministrada; e se transcorresen máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social

1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que está ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación para que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinarao de oficio esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos

1.- A Universidade Internacional Menéndez Pelayo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo

1.- Consonte co disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo poderá ser escollido pola Intervención provincial para realizar un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co establecido na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Universidade Internacional Menéndez Pelayo queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas establecidas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecidos nas normas citadas.

3.- De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o atraso na presentación da documentación xustificativa implicará unha sanción dun 10 % do importe da subvención co límite de 75 € se o atraso non excede de tres meses; se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 % da subvención outorgada co límite de 150 €.

4.- Se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción establecida na lei imporase no grao mínimo e será do 10 % do importe da subvención outorgada co límite de 75 €; se excede dun mes e non chega a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 % do importe da subvención outorgada, co límite de 400 €, e, se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 % do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900 €.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Universidade Internacional Menéndez Pelayo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade establecida no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o establecido no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Universidade Internacional Menéndez Pelayo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de outubro de 2012 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderanse realizar dende o 1 de xaneiro de 2011.

2.- Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e logo dos informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Resolución de Presidencia nº ---

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuaduplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.-INICIACIÓN DO EXPEDIENTE PARA CONCEDERLLES, A TÍTULO PÓSTUMO, AOS DEPUTADOS CONSTITUÍNTES DA CONSTITUCIÓN DE 1812 A DISTINCIÓN DE DEPUTADO HONORARIO.

INTERVENCIONES

Sr. Regueira Varela

Bos días a todos e a todas. Evidentemente, o acordo vén precedido dun protocolo de intencións asinado entre o presidente da Deputación da Coruña e o presidente do Consorcio para a conmemoración do segundo bicentenario da

Constitución de 1812. A constitución deste Consorcio e as fins que persegue non se cinguen a rememorar un determinado feito histórico, senón a interpretar consonte a unha determinada visión ideolóxica e política o significado das efemérides da Constitución de 1812. Evidentemente, pedirlle ou solicitarlle o voto favorable neste punto ao nacionalismo parécenos mesmo excesivo, simplemente vou ler literalmente unha frase relacionada coa proclamación do bicentenario, que deixa ben claro que nós non podemos apoiar, nin este acordo, nin as conmemoracións deste bicentenario, leo textualmente: “El bicentenario debe contribuir a reforzar el sentimiento nacional español tan acusado por los nacionalismos periféricos”. Evidentemente, cremos que con esta frase xa quedaría clara a nosa intención de voto negativo. Nós cremos que a Constitución de 1812 é unha Constitución fallida que tiña como único obxecto proclamar un concepto que ata o momento non existía, que era o concepto de Estado-nación da soberanía nacional española, que aínda hoxe queda moi lonxe de imporse, e creo que é evidente que aínda hoxe o concepto soberano da nación española é claramente contestado desde moitos territorios do Estado. Pero en todo caso, nós cremos que é unha escusa esa Constitución para declarar esa soberanía nacional dos diferentes territorios que compuñan a coroa de España, pero desde outros puntos de vista, mesmo desde un punto de vista totalmente ou esencialmente democrático, cremos que tampouco hai moito que celebrar nesta Constitución, desde un punto de vista de liberdade relixiosa, dise aquí que a Constitución de 1812 é unha Constitución que proclama a liberdade, cousa que non é certo, é unha Constitución que fai diferenzas entre os libertos e os escravos, é dicir, consagra a escravitude, e é unha Constitución que exclúe a unha parte moi importante, moi maioritaria da sociedade do territorio español naquel momento, á totalidade das mulleres e moitísimos homes que non tiñan dereito a voto, é dicir, diferenza entre cidadanía e nacionalidade. Entón, tamén se di aquí que é unha primeira Constitución que declara os dereitos humanos e universais, tampouco é certo, supoño que todos e todas durante estes días lemos o texto constitucional, doutra banda, apaixonante, e veremos que ese texto constitucional, a diferenza doutras constitucións daqueles tempos, como a francesa ou a americana, ou a británica, non ten nin sequera unha declaración de dereitos humanos, nin de dereitos universais.

Seguramente todas estas cuestións pódense consultar no texto constitucional, hai artigos que a nós nos parecen relevantes e por iso tamén queremos, máis que nada, pólos en evidencia hoxe neste Pleno, porque consideramos que toda a votación debe ter un espírito crítico e debe de ter a suficiente información para que poidamos, sobre todo, recalcar porqué votamos a favor ou en contra das cousas. Esta Constitución declara, por exemplo, que todos os homes libres nados e avecindados nos dominios de España e fillos destes son españois, pero lembremos o período onde se promulga e sanciona esta Constitución, onde declara tamén que son españois os de ambos os dous hemisferios, deixa sen nacionalidade e sen cidadanía, por exemplo, a todos os cidadáns americanos que, por ser indios non libres non gozarán da nacionalidade española, pero é máis, o tema da muller, a muller non estaba incluída na categoría de españois nin de naturais no territorio español, e algo máis grave aínda, que no tema da instrución pública, no tema da educación, o artigo 366 da Constitución de 1812 declara que todos os nenos

españóis teñen o dereito e o deber de aprender a ler, escribir e contar, pero as mulleres non, por tanto, evidentemente, de igualitaria esta Constitución ten moi poucas cousas.

E logo hai un artigo tamén que eu creo que merece xa simplemente por si mesmo o voto en contra, o artigo 12 da Constitución di que a relixión da nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica e romana, a única verdadeira, e declara e prohíbe as demais confesións no Estado español. Por tanto, os indios non civilizados, é dicir, non católicos, tamén eran excluídos da condición de cidadáns, é dicir, é unha Constitución evidentemente racista cos indios e cos mestizos e cos negros. En todo caso, tamén fai unha distinción entre homes cidadáns, onde exclúe claramente ás mulleres, onde exclúe claramente aos que non son cabeza de familia, e onde exclúe claramente ás persoas que non confesan a relixión católica.

Por tanto, nós entendemos que está ben lembrar a historia, repasar a historia, pero para evitar que a historia sexa utilizada como un instrumento político para reforzar o sentimento nacionalista do Estado-nación, temos que ver ben o límite ou o alcance da primeira Constitución, e témolo que ver desde conceptos como son clase, raza, dereitos fundamentais e liberdade de opinión, de culto, etc. Por tanto, nós cremos que esta Constitución ten moitísimos déficits democráticos, cremos que esta Constitución trata de igualar a todos os territorios dunha Coroa que aínda hoxe estamos a reclamar dereitos, e por tanto derroga tamén a soberanía nacional de diferentes territorios que ata 1812 posuían soberanía delegada da Coroa. Lembremos que se hoxe temos unha Comunidade Autónoma que se denomina Xunta de Galicia é porque antes de 1812 había unha Xunta de Galicia que tiña autonomía plena e que tiña depositada a soberanía nacional neste territorio en nome do rei. Por tanto, evidentemente, desde un punto de vista nacionalista, democrático e desde un punto de vista libertario, evidentemente, nós non podemos apoiar estes actos relacionados co bicentenario da Constitución de 1812 e, por tanto, tampouco podemos apoiar o punto no que se nos propón declarar deputados honoríficos a estes señores, que seguramente teñen unha traxectoria vital con claros e sombras, seguramente con moitos máis claros, pero que, xa digo, responde a unha serie de actos en conmemoración dun texto co que nós para nada, para nada, estamos de acordo.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Pensamos desde o Grupo Socialista que é de xustiza recoñecer a importante contribución histórica e democrática que os deputados que participaron no debate e aprobación da Constitución española de 1812, o primeiro texto constitucional do noso país nado da soberanía nacional, que foi sen dúbida un dos máis avanzados da súa época, como mostra o feito de que os valores e principios que a fundamentaron, liberdade, igualdade e xustiza, permanezan vixentes a día de hoxe na carta magna española e inspiraron e serviron como modelo a numerosas constitucións europeas e iberoamericanas.

A Constitución de Cádiz supuxo para España, ademais dunha reafirmación do noso orgullo e independencia fronte ao invasor napoleónico, nun dos momentos máis

convulsos da nosa historia, un xenuíno cambio de época, a entrada definitiva do noso país na modernidade e unha aposta valente e decidida por establecer unha nova orde social máis xusta e igualitaria que acabase coa sociedade estamental e o absolutismo. Ademais de xusta a homenaxe é neste caso dobremente oportuna posto que, como vostedes saben, o próximo día 19 de marzo conmemoramos o bicentenario da “Pepa”, que entre os seus múltiples legados supuxo a implantación dos principios liberais, definidos pola revolución francesa como a división de poderes, o mandato representativo e a soberanía nacional, pero ademais a Constitución de Cádiz supuxo o ocaso do antigo réxime e a creación dunha nova estrutura administrativa do Estado que incluía a división territorial efectiva en provincias e a creación das deputacións provinciais.

No seu artigo 325, o texto constitucional establecía que cada provincia contaría cunha Deputación para promover o desenvolvemento e a prosperidade en cada un deses territorios. A Constitución de Cádiz outorgáballes tamén ás deputacións amplas capacidades de ordenación do seu propio territorio provincial, de forma que podían mesmo crear novos concellos nos municipios que superasen determinado número de habitantes. Algunhas destas funcións fóronse diluíndo ou transferindo a outras administracións co paso do tempo, pero hai algunhas cousas que perduraron durante estes anos, polo menos nesta Deputación, entre elas ese espírito fundacional de progreso ao que antes me refería, un espírito que impregna a totalidade do texto constitucional e que no caso das deputacións insta a promover o desenvolvemento e a prosperidade en todos os municipios da provincia. Quen dous séculos despois temos a honra e a responsabilidade de representar aos cidadáns nestas institucións bicentenarias, debemos manter vivo ese espírito.

Desde o Grupo Socialista sumámonos, por tanto, a esta homenaxe aos pais da Constitución de 1812 cun recoñecemento especial para os deputados da nosa provincia que participaron na Asemblea constituínte de Cádiz, ao nomealos por este acordo deputados honorarios desta provincia e honralos permanentemente pondo unha placa cos seus nomes no vestíbulo deste edificio.

Sr. Freire Abeijón

Agradecemos a adhesión por parte do Grupo Socialista a esta honra que hoxe pretendemos iniciar aos deputados de 1812, pero queríamos matizar, Sr. Regueira, que non estamos aquí valorando a bondade ou o mellorable que podía ser o texto desa Constitución de 1812, senón que o que pretendemos é honrar a aqueles deputados que desempeñaron a súa función neste momento e que, por suposto, coincidimos que hai aspectos mellorables desa Constitución, pero tamén temos que ter presente que serviu de base para asentar moitos dos principios polos que nos rexemos actualmente. O que se pretende é honrar aos deputados constituíntes que son don Antonio M^a Parga Puga, don Antonio Pallán, don Benito Ramón Hermida Maldonado, don Francisco Pardo Patiño, don Joaquín Tenreiro Montenegro y de la Hoz, don José Alonso e López Naval, don José M^a Suárez Rioboo, don José Salvador López y del Pan, don Luís Rodríguez del Monte y del Pardo e don Pedro Ribeira y Pardo, don Manuel Ros Medrano e don

Vicente Castro Lavandeira, para iso o pasado día 21 de outubro asinou en Cádiz entre varias deputacións provinciais de España e o Consorcio para a conmemoración do segundo centenario da Constitución de 1812 nun protocolo de intencións ao cumprírense agora 200 anos da aprobación do noso primeiro texto constitucional, que constitúe unha chamada á liberdade, non só de España, senón das repúblicas iberoamericanas. Os deputados constituíntes elaboraron o texto nun intento global de cambiar as vellas estruturas e sentar as bases dos debates e discusión das Cortes. Os asinantes do protocolo de intencións asumimos o legado que deu orixe ao constitucionalismo democrático e os valores de liberdade, igualdade, xustiza e dereitos humanos, e consideramos xusto recoñecer a súa tarefa e lembrar a súa memoria, xa que souberon impregnar todos os seus actos deses valores.

Dicirlle tamén, Sr. Regueira, que a pesar de que o texto é mellorable, votar en contra desta distinción é votar en contra da liberdade, da xustiza e dos dereitos humanos, porque estes galegos aos que hoxe pretendemos honrar, deputados constituíntes da Constitución de 1812, sentaron as bases da democracia e contribuíron a alcanzar os señoríos, tanto laicos como eclesiásticos, e estes señores feudais eran a autoridade pública entón, eran os que elixían os representantes do pobo. Coa redacción do texto de 1812, chamado a ser un símbolo da liberdade política, chegaron os concellos constitucionais e nace o Estado moderno, que certo é durou pouco coa entrada de Fernando VII, pero avatares históricos á parte, é certo que votar en contra desta moción é como querer volver ao ano 1789, antes da Revolución Francesa, que realmente foi o xerme de todo o Estado moderno e do que hoxe gozamos. As deputacións son consecuencia tamén deste texto, aínda que loxicamente, como toda institución democrática, foron camiñando sempre da man das liberdades, o que polo menos para nós, e para os deputados do Grupo Popular consideramos que é un orgullo e que foi acertado, e independentemente de que sexan decimonónicas e tamén hai cuestións que se poden evolucionar e mellorar ao longo do tempo, entendemos que o que hoxe pretendemos é simplemente un nomeamento honorífico e sen entrar a discutir o fondo dese texto, nós entendemos que pode ser apoiable. Respectamos, de todas as maneiras, a súa decisión.

Sr. Regueira Varela

Pode estar vostede completamente seguro, señor portavoz do PP, que defendemos a xustiza, a liberdade, os dereitos humanos e a igualdade, é por esa razón pola que non apoiamos este texto constitucional, pero non o dicimos nós, seguramente fai falta analizar esta Constitución e fai falta analizalo desde todos os puntos de vista, hai doutos e eminentes xuristas que estudan os textos legislativos que non están de acordo coa visión que vostede quere transmitir aquí, vaia por diante que a nós nos merece toda a honra os deputados que vostedes propoñen aquí, todos os deputados, como nos merecen toda honra todas as ideoloxías e todos os que representen as ideoloxías dunha maneira pacífica e constitucional e acorde coas leis. De todos os xeitos, evidentemente, nós cremos que fai falta ter unha visión crítica das cousas e hai que ir sempre ao fondo dos asuntos, porque quedar na superficie ao final é malo. Entón, insisto, para nós, evidentemente, nós non queremos volver nin ao feudalismo nin ao

absolutismo, pero si como nacionalistas reivindicamos outro modelo, outro modelo dun Estado-nación que non existía ata 1812, e que nós consideramos que aínda hoxe estamos a reivindicar moitas nacións deste Estado-nación que vostedes queren consagrar aquí. Nós entendemos que a realidade de España é unha realidade plurinacional, está na nosa esencia como nacionalistas. E insisto, e volvo ao primeiro parágrafo que eu lin aquí, é evidente que se a proclamación dos actos de conmemoración do bicentenario empezan dicindo que isto é para reforzar o sentimento nacional español dunha España única e indisoluble, tan acosado polos nacionalismos periféricos, evidentemente eu creo que o nacionalismo galego non é un nacionalismo que acose, é un nacionalismo que reivindica, pero vaia por diante que separamos a nosa intención de voto, non porque non queiramos recoñecerlle todas as honras e toda a honra a aquelas persoas que participaron libremente nun texto constitucional e nos debates dese texto constitucional, para nós, efectivamente, merécena, pero no marco en que se dá esta distinción non podemos votar favorablemente.

Sr. Presidente

Moitas grazas, pasamos a votar, aínda que o que hoxe traemos aquí non se trata de valorar en si a propia Constitución do ano 1812, senón que se trata de valorar a aquelas persoas que estiveron a formar parte daquel proceso, e que sen dúbida supuxo un paso á fronte das liberdades políticas, os concellos constitucionais e o Estado moderno. Quizá o problema radique en ver cos ollos de 2012 o que outros conseguiron en 1812, que probablemente quedase lonxe do que hoxe podemos pensar. De todos os xeitos, grazas polas súas achegas, e pasamos á votación.

VOTACIÓN

Votan a favor: 26 deputados (17 do PP e 9 do PSOE)

Votan en contra: 5 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“De acordo co establecido no artigo 190 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, aprobado polo Real decreto 2586/86 do 28 de novembro e segundo o disposto nos artigos 1º e 9º do Regulamento de honores e distincións desta Deputación e coa finalidade de dar cumprimento ao establecido no Protocolo de intencións citado, acórdase iniciar o expediente para conceder a título póstumo, aos deputados constituíntes da Constitución 1812, a distinción de deputado honorario.”

6.-APROBACIÓN DO PLAN DE CONSERVACIÓN DE VÍAS PROVINCIAIS 2012, 1ª FASE, QUE INTEGRA OS GRUPOS SEGUINTE: GRUPOS 1A, 1B, GRUPOS DO 2 AO 28 E GRUPOS 35 E 36.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“1) Aprobar o Plan de CONSERVACIÓN VÍAS PROVINCIAIS 2012 1ª fase cun orzamento total de 5819391,69.- euros, con cargo á aplicación 0401/453A/61900 que se detalla.

	PLAN DE CONSERVACIÓN 2012	TO	ORZAMEN	CODIGO
GRUPO 1A	ORTIGUEIRA		169.939,16 €	121100001.0
GRUPO 1B	CARIÑO		152.788,84 €	121100002.0
GRUPO 2	MAÑÓN E AS PONTES		122.036,77 €	121100003.0
GRUPO 3	CEDEIRA, CERDIDO E VALDOVIÑO		159.237,90 €	121100004.0
GRUPO 4	FERROL E NARÓN		208.724,32 €	121100005.0
GRUPO 5	MOECHE, SAN SADURNIÑO E AS SOMOZAS		159.647,52 €	121100006.0
GRUPO 6	ARES, FENE, MUGARDOS E NEDA		188.160,35 €	121100007.0
GRUPO 7	CABANAS, MIÑO, PADERNE E PONTEDEUME		137.772,46 €	121100008.0
GRUPO 8	IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR		151.644,64 €	121100009.0
GRUPO 9	OLEIROS E SADA		272.320,32 €	121100010.0
GRUPO 10	CAMBRE E CARRAL		204.254,92 €	121100011.0
GRUPO 11	ABEGONDO, BERGONDO, BETANZOS E PADERNE		150.084,16 €	121100012.0
GRUPO 12	ARANGA, CESURAS, COIROS, CURTIS E OZA		269.152,94 €	121100013.0
GRUPO 13	BOIMORTO, FRADES, MESÍA, ORDES, OROSO E VILASANTAR		128.277,85 €	121100014.0
GRUPO 14	MELIDE, SANTISO, SOBRADO E TOQUES		257.548,84 €	121100015.0
GRUPO 15	ARZÚA, BOQUEIXÓN, O PINO E TOURO		187.868,70 €	121100016.0
GRUPO 16	ARTEIXO, A CORUÑA E CULLEREDO		396.974,40 €	121100017.0
GRUPO 17	CARBALLO, CERDEDA E A LARACHA		348.232,79 €	121100018.0
GRUPO 18	CABANA, CORISTANCO, MALPICA, PONTECESO E ZAS		257.966,40 €	121100019.0
GRUPO 19	CAMARIÑAS, LAXE, MUXÍA E VIMIANZO		136.916,53 €	121100020.0
GRUPO 20	CEE, CORCUBIÓN, DUMBRIA E MAZARICOS		148.538,32 €	121100021.0
GRUPO 21	AMES, A BAÑA, NEGREIRA E VAL DO DUBRA		182.097,64 €	121100022.0
GRUPO 22	ORDES, SANTIAGO, TORDOIA, TRAZO E VAL DO DUBRA		161.415,69 €	121100023.0
GRUPO 23	MAZARICOS, MUROS E OUTES		161.055,33 €	121100024.0
GRUPO 24	BOIRO, LOUSAME E NOIA		152.711,62 €	121100025.0
GRUPO 25	BRIÓN, DODRO, PADRÓN E ROIS		233.255,36 €	121100026.0
GRUPO 26	AMES, SANTIAGO, TEO E VEDRA		128.002,38 €	121100027.0
GRUPO 27	BOIRO E RIANXO		161.090,38 €	121100028.0
GRUPO 28	POBRA, PORTO DO SON E RIBEIRA		160.108,48 €	121100029.0
GRUPO 35	DP 2904 CORISTANCO A SANTA COMBA		160.312,65 €	121100030.0
GRUPO 36	DP 3404 SERRA OUTES A DUMBRÍA		111.254,03 €	121100031.0

2) Expor ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.

3)A aprobación definitiva quedará condicionada á existencia de financiamento adecuado.”

7.-RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DA DECLARACIÓN DA URXENTE OCUPACIÓN DOS BENS E DEREITOS INCLUÍDOS NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DA GLORIETA NO CRUCE DO VILAR NA DP 7305 RIBEIRA (111100005.0).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

- “1. Dar por cuberta a fase de información pública no expediente expropiatorio que se segue para a execución das obras incluídas no proxecto CONSTRUCCIÓN DE GLORIETA NO CRUZAMENTO DO VILAR NA D.P. 7305 RIBEIRA (111100005.0) (RIBEIRA)
2. Desestimar as alegacións presentadas dado que non desvirtúan a necesidade da urxente ocupación dos bens e dereitos afectados e por expor cuestións que deberán dilucidarse nas fases posteriores do expediente expropiatorio, tendo en conta que se trata de alegacións sobre a cualificación do solo.
3. Ratificar a solicitude de declaración de urxente "expropiación" á Xunta de Galicia dos bens e dereitos afectados pola expropiación á que dea lugar a realización das obras indicadas, tendo en conta, que no presente caso existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución da citada obra, tales como que:

-As obras consistirán na execución dunha nova glorieta na intersección das estradas DP7305, DP 7301 e DP 7302, modificando as beirarrúas existentes e conducións de saneamento e abastecemento e iluminación e dotando ao conxunto dos elementos precisos de sinalización e balizamento para a ordenación da súa circulación e a mellora da seguridade viaria. Amplíase a explanada para a ampliación da calzada e a construción de beirarrúas, escavando os laterais da estrada provincial e demolendo as beirarrúas existentes afectadas pola ampliación.

- Realizaranse beirarrúas e garantirase a seguridade do tráfico peonil. As beirarrúas serán de baldosa hidráulica e de ancho variable.

- O diámetro mínimo, características de trazado e implantación serán acordes co indicado nas recomendacións para o deseño de glorietas do Ministerio de Fomento e demais disposicións sobre a materia.
- Contémplase a iluminación adicional da glorieta.
- No proxecto inclúese a sinalización horizontal e vertical da calzada.
- Contémplase así mesmo e adicionalmente partidas orzamentarias para a implantación de canalizacións auxiliares na calzada entronque para futuros servizos. A intensidade media do tráfico aumentou nestes últimos anos.

Todo iso co fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.”

8.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “ACONDICIONAMENTO DE RÚAS EN REBOREDO (PARROQUIA DE ESTEIRO)”, DO CONCELLO DE MUROS, INCLUÍDA NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (POS) 2010, CO CÓDIGO: 10.2100.0135.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra “Acond. rúas en Reboredo (Prrq. de Esteiro)” do Concello de Muros, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) anualidade 2010, co código: 10.2100.0135.0, que nin supón unha modificación do presuposto total da obra, nin unha alteración da finalidade ou do obxecto desta, pero si implica un cambio do trazado da obra inicialmente proxectada.

Código	Concello	Denominación	Financiamento co 18% de IVE				Orzamento Total
			Deputación Fondos propios	Deputación Préstamo	Estado	Concello	
10.2100.0135.0	Muros	Acond. rúas en Reboredo (Prrq. de Esteiro)	30.300,38	56.931,58	57.058,86	15.990,55	160.281,37

A aprobación definitiva deste expediente queda condicionada á efectiva incorporación dos remanentes procedentes do exercicio 2011 no que se consignará a cantidade necesaria para o financiamento desta obra na partida 0501/459A/76201 do presuposto provincial para o exercicio 2012.”

9.-INFORME SOBRE O OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA UNIDADE INSTITUCIONAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA: ORZAMENTOS 2012.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento do informe da Intervención provincial sobre a avaliación do obxectivo de estabilidade presupostaria na Unidade institucional "Deputación Provincial da Coruña" cos datos obtidos dos presupostos e dos estados financeiros do exercicio 2012, para dar cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Regulamento de desenvolvemento da lei de estabilidade presupostaria na súa aplicación as entidades locais, aprobado polo Real decreto 1.463/2007, do 2 de novembro.

O devandito informe conclúe que da información contida nos expedientes administrativos dos presupostos do exercicio 2012, cada unha das entidades que integran a Unidade Institucional da Deputación Provincial da Coruña, o Consorcio Provincial de Incendios e a Fundación Axencia Provincial da Enerxía da Coruña (FAEPAC), cumpren o obxectivo de estabilidade presupostaria e no conxunto consolidado non se fai necesaria a tramitación do Plan económico-financeiro a que se refire o artigo 22.1 do Texto refundido da lei xeral de estabilidade presupostaria.”

10.-INFORME CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2011 DO CUMPRIMENTO POLA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) DO ARTIGO CATRO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DO 29 DE DECEMBRO, DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE DAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da Comisión:

“Tomar coñecemento:

Primeiro: Do informe emitido polo auditor interno da FAEPAC no cumprimento do artigo 4 da Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, de loita contra a morosidade das operacións comerciais e na aplicación do principio da transparencia. Xa que é unha fundación pública local participada na súa meirande parte pola Deputación da Coruña.

Segundo: Que a Fundación está a publicar o informe na súa páxina de internet dentro do seu apartado de información económica e contable para dar cumprimento do principio da transparencia.

Terceiro: Que se fixo a súa presentación telemática, cunha sinatura electrónica, na oficina virtual da Dirección xeral de coordinación financeira coas Comunidades autónomas e coas entidades locais do Ministerio de Economía e Facenda.

Cuarto: Que de acordo co disposto nos artigos 17 e 20 dos Estatutos da FAEPAC, o seu presidente dará coñecemento destes informes ao Padroado na vindeira sesión que celebre se é anterior a da aprobación das contas anuais. Xa que a disposición adicional terceira da Lei 15/2010 establece que as sociedades terán de publicar dun xeito expreso as informacións sobre prazos de pagos aos seus provedores na memoria das contas anuais. Esta previsión legal desenvólvese polo Instituto de Contabilidade e auditoría de

contas (ICAC) mediante unha Resolución do 29 de decembro do 2010 (BOE número 318, do 31 de decembro) e na contestación dunha consulta publicada no BOICAC número 84/2010.”

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS: Moción do Bloque Nacionalista Galego sobre o Teatro Colón

INTERVENCIONES

Sra. Seixas Naia

Bos días a todos e a todas. A verdade é que non era nosa intención en orixe presentar esta moción, a verdade é que nos vimos obrigados, se se me permite utilizar ep pedindo unha reunión urxente da Comisión de traballo do Teatro Colón e como non nos foi contestado consideramos oportuno traer esta moción á sesión plenaria.

Con esta moción pretendemos, está no noso ánimo desde logo, conseguir o acordo de todos os grupos políticos para que poida reunirse esa Comisión de seguimento do Teatro Colón á vista das continuas informacións xornalísticas que aparecen a diario practicamente e coas que diferentes membros, tanto do Concello da Coruña como da Deputación provincial, fan neses medios de comunicación. Todas e todos sabemos que a xestión do Teatro Colón por parte de Caixa Galicia finalizou a mediados de xaneiro do mes en que estamos, e que a día de hoxe non se tomou ningunha decisión de cal vai ser a forma de xestión deste espazo cultural e da programación cultural na provincia da Coruña, por tanto, o BNG segue dicindo o que dixó naquel momento, segue defendendo, desde logo, a titularidade pública e a xestión pública do Teatro Colón, a colaboración e a coordinación entre as distintas administracións para a súa xestión, é dicir, entre a Xunta de Galicia, a Deputación da Coruña e o Concello, apostamos por unha programación estable e diversificada que garanta o futuro das artes escénicas nun espazo que é emblemático da cultura galega, a especialización e a coordinación coa programación que se fai noutros espazos culturais da propia cidade da Coruña, e que permita, desde logo, unha oferta o máis ampla posible para o maior público posible tamén, que as organizacións culturais con presenza no territorio da provincia da Coruña poidan utilizar o Teatro nun tempo acordable coas administracións titulares da súa xestión, e que a programación contemple de forma preferente a exhibición ou promoción da cultura galega, incluíndo nela, así mesmo, a desenvolvida en lingua portuguesa ou en todas as súas modalidades, cinema, audiovisual, cómic, teatro, música, etc.

Gustaríanos expresar isto nun primeiro momento nesa Comisión de Seguimento, esperamos poder facelo e, por tanto, o que pedimos no texto do acordo é que esa Comisión de Seguimento se reúna canto antes para que entre todos e todas podamos decidir o futuro dun espazo que, como digo, é emblemático do mundo cultural. Grazas.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. presidente. Con respecto á moción que expón o BNG, quería en primeiro lugar pór en valor a xestión realizada no Teatro Colón pola Fundación Caixa Galicia durante estes cinco anos. Durante estes cinco anos realizáronse gran número de espectáculos, caracterizados todos eles pola súa calidade, ata o punto de converter o Teatro Colón nun referente da oferta cultural galega. Todos eles tiveron unha taxa de ocupación superior ao 90%, e a Fundación achegou ao redor dun millón e medio de euros cada ano, ascendendo a cifra de 1.684.000 euros no ano 2011. Creo que é obrigado deixar constancia do agradecemento desta Corporación cara á Fundación Caixa Galicia por esa xestión.

Como vostedes saben, a situación cambiou, e cambiou tamén a situación do Teatro Colón, que non pode ser allea á crise económica que obriga os actuais xestores a reorientar as prioridades da obra social e, en consecuencia, a non acudir á prórroga do contrato. Isto obriga de novo á Deputación a preguntarse que facer con esta instalación. Debo deixar constancia de que todas as actuacións que a Deputación levou a cabo no pasado no Teatro Colón fixéronse buscando o consenso de todos os grupos políticos. Por consenso decidiuse o tipo de xestión, indirecta en réxime de concesión, por consenso aprobáronse os pregos que rexeron o concurso para a concesión e por consenso resolveuse o concurso. Creouse tamén unha Comisión de seguimento do Teatro coa presenza de todos os grupos políticos desta Deputación e cuxa finalidade era recibir a información por parte do concesionario, para poder facer un seguimento e fiscalización do cumprimento dese contrato. Esta é a Comisión que solicita o BNG na súa moción que se convoque para analizar a nova situación e buscar solucións, non é esta a comisión que habería que convocar, pois a finalidade que se pretende é distinta á que tiña nas súas orixes esta Comisión de Seguimento, pero si consideramos no Grupo Socialista que sería desexable e conveniente tratar de novo, por consenso, o futuro do Teatro Colón.

Sen dúbida esta é unha decisión que ten que adoptar o goberno provincial, pero queremos deixar constancia que se no pasado entendiamos que o futuro do Teatro Colón era algo que nos afectaba a todos porque superaba, a transcendencia era maior dun mandato, dunha Corporación, e por iso era necesario tomar decisións conxuntas, hoxe seguimos pensando igual. Por tanto, adherímonos á proposta do BNG, do Bloque Nacionalista Galego, e ofrecemos a nosa vontade de colaboración para participar na procura de solucións que permitan seguir mantendo o Teatro Colón como un referente da vida cultural na cidade, na provincia e en Galicia.

Sr. Freire Abeijón

Desde o grupo de goberno pretendemos manter ese consenso ao que facía mención o Sr. Moreda, dentro de que no seu momento se aprobou un sistema de xestión indirecta en réxime de concesión e que ademais foi coa unanimidade e co consenso de todos os grupos, pretendemos seguir traballando nesa liña. Supoño que a ninguén se lle escapa que o momento económico de entón non é o mesmo que o de agora, e que para

poder materializar esa nova programación moitas veces é necesario explorar novos camiños e explorar novas alternativas. Está claro que algo do financiamento que ata agora estaba garantida non pode garantirse, e o grupo de goberno está a facer as xestións para, con moita brevidade, poder presentar a nova proposta de xestión aos integrantes tamén dos demais grupos.

Non temos ningún inconveniente en que se celebre unha reunión desa Comisión de Seguimento pero entendemos que o razoable é celebrala unha vez que xa estean materializados e definidos, polo menos, os criterios cos que se pretende traballar de cara ao futuro, e celebrar esa Comisión de Seguimento de inmediato suporía que, se cadra, non se pode trasladar unha proposta concreta para valorar e para analizar. Entón pensamos que o razoable é esperar a ter algo máis avanzada esa xestión e a partir de aí non hai ningún inconveniente en convocar esa Comisión de Seguimento.

De todos os xeitos, creo que é necesario comentar que no seu momento este modelo de xestión contou coa aprobación dos tres grupos con representación nesta Deputación, que a situación actual precisa que centremos os nosos esforzos no traballo en apurar as xestións administrativas para poder retomar a programación, digamos, cultural do Teatro Colón canto antes, e o primeiro que hai que facer, que é o que xa estamos a facer, é cerrar o contrato coa anterior concesionaria e liquidar as contas. Está claro que hai unha reunión da Comisión de Seguimento que se viña mantendo no mes de maio nos últimos anos, que ten que celebrarse, lóxicamente, e que esa Comisión ten un obxectivo que é facer o seguimento e fiscalización das contas do exercicio anterior, pero paralelamente estamos dispostos a manter unha reunión da Comisión de Seguimento non só para o tema da fiscalización, senón para estudar distintas propostas. E o que se busca é unha programación que manteña a calidade demostrada ata agora, e a pesar de que neste momento, previsiblemente, o financiamento vai ser máis axustada da que existía hai unhas anualidades como as que viñamos gozando ata hai un exercicio orzamentario.

Sr. Presidente

Antes de pasar a votar si me gustaría dicir que hai unha máxima con respecto ao Teatro Colón que se mantivo grazas ao concesionario anterior, durante estes catro anos, ao cal eu quero sumarme nese recoñecemento e é, en opinión creo que case unánime de todos, a calidade da programación que puidemos gozar durante estes anos, creo que iso é algo no que estamos todos de acordo. Efectivamente, reuniremonos as veces que faga falta, tanto a Comisión inicial que se formou cos antecedentes do ano 2008, a que se formou despois do ano 2004 da que vostede, a deputada Silvia Seixas formou parte dela, en representación do seu grupo, e reuniremos tamén a Comisión de Seguimento da concesión, que anualmente se reúne en maio, para aprobar a xestión feita no ano anterior polo concesionario, pero o que hai, polo menos a postura deste goberno é que o sistema de xestión escollido por vostede persoalmente, e por outros integrantes, vostede formaba parte, -ben, pois se non é así, desculpe-, polo seu grupo en todo caso, polo Grupo Socialista e polo Grupo do Partido Popular, foi o escollido na anterior concesión, no ano 2007 e pensamos que segue sendo o viable neste momento. Por

tanto, o sistema de explotación dun servizo público a través dunha xestión indirecta non vai cambiar e como había unanimidade hai uns anos de todos os grupos, entendemos que as posturas poderán seguir sendo as mesmas. De todos os xeitos reunirémonos e darémoslles as novidades oportunas nese momento, pero repito, coa máxima sempre de manter a calidade da programación do Teatro Colón por riba de todo.

Por unanimidade apróbase a seguinte moción:

“MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE O TEATRO COLÓN

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Teatro Colón foi adquirido pola Deputación da Coruña en abril de 1997. Na sesión plenaria do 27 de marzo de 1998, despois de facerse obras de remodelación e recuperación de novos espazos, iníciase o expediente de actividade económica en réxime de liberdade de concorrencia, destinada á proxección cinematográfica e á realización de actos de natureza cultural e artística xeral. Creouse unha comisión encargada de estudar o expediente e de elaborar unha memoria que a pesar de terse presentado nunca foi elevada a Pleno nin o expediente tramitado. Nese ano, en febreiro de 1998, adxudícase un contrato para a redacción dun proxecto técnico de rehabilitación integral que tería dous modificados un deles de xuño de 2005. As obras de rehabilitación foron adxudicadas o 27 de decembro de 2002 por un importe de 5.845.161,20 aínda que despois de varios reformados, do custo da dirección técnica, das obras complementariáse do contrato para equipamento o custo total foi de 11.136.569.

Así mesmo, en 2004, a Comisión do Teatro Colón, con presenza dos tres grupo políticos, iniciou os seus traballos para estudar a forma de xestión. Nunha xuntanza celebrada na Deputación da Coruña a comezos do ano 2006 acordouse a elaboración dunha memoria final para presentar no Pleno e decidir a forma de xestión do espazo. Baralláronse varias posibilidades nese momento, entre elas a venda do Teatro Colón. Finalmente a decisión que se adoptou foi o mantemento do Teatro Colón dentro da titularidade pública, a xestión indirecta por concesión e a reserva de, polo menos, 45 días para a realización de actividades culturais directas da Deputación.

O prego de cláusulas administrativas e técnica para esa forma de xestión saíron no BOP do 13 de xullo de 2006, o prazo de concesión previsto era de cinco anos coa posibilidade de prorrogarse en períodos de cinco anos sen que o prazo total puidese exceder os 25 anos. No pleno de 30 de novembro de 2006 adxudicouse a xestión do Teatro Colón e a realización de accións socioculturais na provincia da Coruña a Caixa Galiza. Créase unha comisión de seguimento do contrato que se reúne todos os anos e que ten como obxectivo facer un seguimento do cumprimento do prego.

Nestes días soubemos que a Fundación Caixa Galiza anunciou a intención de non seguir xestionando o Teatro nas actuais condicións, polo que o día 16 de xaneiro

deixará de haber actividade cultural sen que a día de hoxe , aínda que xa se sabía porque así se indicaba no contrato o goberno da Deputación, teña tomado ningunha decisión ao respecto o actual goberno provincial, nin sequera convocada una reunión da Comisión do Teatro Colón.

O BNG, a respecto do futuro deste espazo, segue a defender o seguinte:

- A titularidade pública e a xestión pública do Teatro Colón.
- A colaboración e coordinación entre as distintas administracións para a súa xestión e explotación: Xunta de Galiza, Deputación da Coruña e Concello da Coruña.
- Apostamos por unha programación estábel e diversificada que garanta o futuro das artes escénicas nun espazo emblemático da cultura galega.
- A especialización e a coordinación coa programación que se fai noutros espazos culturais da cidade que permitan unha oferta o máis ampla posíbel para o público.
- Que as organizacións culturais con presenza no territorio da provincia da Coruña poidan utilizar o Teatro nun tempo acordábel coas administracións titulares da xestión.
- Que a programación contemple de forma preferente a exhibición e promoción da cultura galega, incluíndo nela, así mesmo, a desenvolvida en lingua portuguesa, en todas as súas modalidades: cinema, audiovisual, cómic, teatro, música, etc.

Por todo o exposto, e despois de ter solicitado por escrito o pasado 4 de xaneiro unha reunión urxente da Comisión do Teatro Colón, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación provincial a adopción do seguinte

ACORDO

Que o Sr. Presidente da Deputación da Coruña convoque de inmediato a Comisión do Teatro Colón creada no seu día para estudar a xestión deste espazo, na que, ademais dos técnicos, están representados os tres grupos políticos con presenza na institución provincial.”

ROGOS E PREGUNTAS

Sr. Soto Vivero

Bos días, en primeiro lugar tiñamos un rogo. O pasado mes de decembro o Grupo do BNG na Deputación Provincial da Coruña, tendo coñecemento pola prensa escrita da elaboración do estudo económico-financeiro dos municipios e provincias referente ao período 2007-2010, solicitoulle verbalmente ao responsable político da área correspondente, concretamente a área de Cooperación e Asistencia a Concellos, se lle facilitase unha copia del para o seu estudo, a día de hoxe aínda non recibimos esa documentación, polo cal o que solicitamos é que esa documentación en concreto sexa enviada ao noso grupo político, unha documentación moi necesaria para o labor político dos deputados desta Cámara.

Sr. Presidente

En contestación a ese rogo, hoxe mesmo saíu a resposta ao devandito rogo, e o que si lle diría, que seguro que tamén sabe, é que todos os alcaldes de cada un dos 94 concellos desta provincia, teñen esa información en tempo e forma, son eles os que dispoñen dela, e tamén poden acceder a esta a través dos diferentes plenarios municipais e corporacións municipais.

Sr. Fernández Moreda

Grazas, Sr. Presidente. Quixera preguntarlle algo moi breve. Hai unha certa inquietude nos concellos e no movemento asociativo da provincia pola demora na publicación das convocatorias de subvencións. Normalmente aprobábanse as bases e publicábanse no mes de decembro, habilitábase o mes de xaneiro para as solicitudes, eu sei, sabemos que se van publicar, e que non vai pasar nada, pero gustaríanos saber cando pensa o goberno provincial publicar as convocatorias de subvencións que todos os anos fai a Deputación provincial.

Sr. Presidente

Moitas grazas, porque así nos permite aclaralo. Efectivamente, sempre se publicaban no mes de decembro, mesmo, o problema que adoitaba existir co proceso das distintas subvencións é que normalmente, a pesar de seren publicadas en decembro, a súa resolución ás veces chegaba a ser moi lonxe no propio ano, dificultando mesmo para que as propias asociacións soubesen de antemán de canto podían dispor, ou de que tipo de axuda podían dispor e, en consecuencia, facer as súas actividades. Nesta ocasión é verdade que se atrasaron, que sairán publicadas neste mes de febreiro e que ese atraso se debe fundamentalmente a uns cambios que veñen expresados parte deles no propio orzamento, na memoria dos orzamentos, que queremos introducir, e espero que durante este mes de febreiro poidan estar publicadas e, o que é máis importante, tentaremos facer un esforzo importante á hora da súa resolución para que os distintos concellos e entidades poidan dispor desa comunicación canto antes.

Sr. Soto Vivero

Queremos facer dúas preguntas tamén. A primeira vai en consonancia, o Pleno da Corporación da Deputación da Coruña aprobou en maio de 2008 as bases reguladoras do Programa de mellora da calidade turística para a zona do Eume, era un programa plurianual correspondente aos anos 2008-2009, cun orzamento global de 720.000 euros, cuxa finalidade e obxecto era colaborar no financiamento de investimentos en infraestruturas e equipamentos para os seus concellos da zona do Eume. Estes concellos eran Cabanas, Pontedeume, Monfero, Vilarmaior, As Pontes e A Capela, correspondéndolle a cada un deles un financiamento de 120.000 euros. Desde entón, o Pleno desta Corporación foi aprobando sucesivamente o 19 de decembro de 2008 os proxectos de Monfero, Pontedeume e Vilarmaior, o 24 de maio de 2009 a primeira fase da anualidade 2009, en concreto en Vilarmaior, o 18 de decembro de 2009 a segunda fase da anualidade 2009 para A Capela e Cabanas, e o 30 de xullo de 2010 a 3ª fase da anualidade 2009 para Monfero e Pontedeume.

Polo que lle consta a este Grupo provincial, dos seis concellos beneficiarios deste programa, o Concello das Pontes foi o único ao que a Deputación non lle puido aprobar o proxecto presentado no seu día por carecer este da documentación requirida polos servizos da Deputación, documentación recollida na cláusula 5 das bases reguladoras. No Pleno da Corporación da Deputación, en sesión ordinaria do 25 de novembro de 2011, aprobouse a ampliación do prazo de execución para aqueles concellos que tiñan obras aprobadas pola Deputación, pero pendentes de xustificar, debendo estar certificadas ante a Deputación con anterioridade ao 30 de xuño de 2012.

En función de todo isto que acabamos de argumentar, queremos facer tres preguntas. En que situación está actualmente o proxecto presentado no seu día polo Concello das Pontes dentro do Programa de mellora da calidade turística do Eume? E a partida orzamentaria correspondente dotada de crédito necesario, no seu día, para executar este programa segue contando no exercicio 2012 cun crédito dispoñible de 120.000 euros? E en último lugar, ten previsto o grupo de goberno seguir colaborando economicamente co Concello das Pontes para materializar o proxecto que presentou no seu día ao Programa de mellora da calidade turística do Eume?

Sr. Freire Abeijón

Relativo á primeira pregunta, en que situación está actualmente, informar que, efectivamente, o Concello das Pontes presentou un proxecto que no seu momento precisaba unha serie de autorizacións que os representantes do concello poderían explicar máis detalladamente, e como consecuencia de que non foron presentados en prazo os informes correspondentes, e dado que o Concello das Pontes, no prazo establecido tampouco solicitou unha prórroga, ese financiamento foi incorporado aos remanentes xerais de Tesourería de tal forma que, aínda que no Orzamento do exercicio 2012 existe unha partida orzamentaria, como vostede ben comenta, de 120.000 euros, está orientada para accións de sinalización turística nun ámbito que abrangue varios concellos, non estritamente só para o Concello das Pontes. Quero dicir que esa partida orzamentaria inicialmente ten outra finalidade, pero contestándolle á última pregunta, este grupo de goberno por suposto non ten ningún interese en prexudicar ao Concello

das Pontes e loxicamente valorarase a posibilidade, se ese é o desexo e a vontade do Concello das Pontes, se esa é a súa prioridade, de valorar a posibilidade de habilitar novamente financiamento para este proxecto, o que non podemos garantirlle a día de hoxe é, nin o mecanismo, nin de que forma, nin se terá algunha repercusión sobre a repartición correspondente que lle podería corresponder noutro financiamento ao Concello das Pontes, porque non estamos en disposición aínda de saber exactamente cal vai ser a dispoñibilidade de remanentes ao longo do exercicio 2012. De todos os xeitos queda na man do Concello das Pontes determinar se esa é unha prioridade, e se así é, loxicamente haberá algún mecanismo para poder garantir ese financiamento. O que si é certo é que a día de hoxe, non por responsabilidade da Deputación, senón por responsabilidade ou non actuar coa debida dilixencia por parte do Concello, ese proxecto non se puido executar no prazo que tiña previsto inicialmente.

Sr. Soto Vivero

Temos coñecemento pola páxina web desta casa e pola prensa escrita da colaboración da Deputación na organización da Volta ciclista a España, concretamente do paso de tres etapas pola nosa provincia. Queriamos saber como se vai concretar esta colaboración, e se é unha colaboración económica de que cantidade podemos estar a falar e con cargo a que partidas orzamentarias se vai completar esta.

Sr. Presidente

A verdade, como dixemos o outro día na presentación na que estaban os alcaldes polos que vai pasar a Volta ciclista, estamos a cerrar un convenio de colaboración coa organización da Volta ciclista, con Unipublic, onde se asinará finalmente unha achega por parte da Deputación, e estamos pendentes de determinados patrocinios, que tamén están interesados, cando teñamos as cantidades aproximadas, ou as cantidades cerradas, loxicamente pasaremos pola correspondente Comisión para darlle esa información en tempo e forma. O que si consideramos é que un evento desta importancia, como é a Volta ciclista, que eu creo que é un dos eventos deportivos que calquera cidadán da provincia da Coruña pode recoñecer, con independencia de que sexa máis ou menos deportista, ou máis ou menos seguidor do ciclismo, creo que ten importancia, non só desde o punto de vista deportivo, senón tamén desde o punto de vista turístico, e tendo en conta que vai percorrer 35 concellos da nosa provincia, que vai pasar polas tres grandes cidades, que ten un final de etapa no Ézaro, en Dumbría, recomendo para todas aquelas persoas que non coñezan, que poidan ir alí, e unha chegada tamén a Ferrol e pasar por Coruña e saír desde Santiago, creo que é un activo importante, económico e turístico que non debemos de deixar pasar a oportunidade. Pero, de todas as maneiras, daremos cumprida información na Comisión correspondente.

Sen máis asuntos que tratar remata a sesión, sendo as doce horas e cincuenta e cinco minutos, redáctase a acta e autorízase a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal, eu, secretario, dou fe.